13. LIGA GALEGA CADETE FEMININA

13.1 EQUIPOS PARTICIPANTES

Participarán os seguintes 12 equipos:

- Os 10 equipos que conformaban a Liga Galega Cadete Feminina na temporada anterior e non descenderon.
- Os equipos ascendidos da 2ª División Cadete Feminina da temporada anterior.
- No caso de vacantes terá prioridade o equipo Campión da Liga galega Infantil, no caso de que non tivera praza. Para o resto de vacantes será de aplicación o artigo 126 do Regulamento Xeral.

13.2. COMPETICIÓN CADETE

A competición dividirase nas seguintes Fases: 1ª e 2ª Fase, Final A4.

13.3. DATA DE INSCRICIÓN DE EQUIPOS

29 de xullo ás 13.00 h.

13.4. XOGADORAS

A data límite para dar de alta xogadoras nesta categoría será as14:00 h do 26 de febreiro do 2027. Excepcionalmente, permitirase que como máximo tres xogadoras pertencentes a outro equipo do club e da mesma categoría poidan ser aliñados.

Nesta categoría permitirase un máximo de 15 xogadoras e un mínimo de 8 para a fase autonómica/zonal, se ben só poderá aliñar un máximo de 12 xogador@s por partido. No caso de competicións ou fases nacionais rexerá o establecido na normativa FEB.

13.5. LIGA GALEGA CADETE FEMININA

Os 12 dividiranse en dous grupos de seis equipos cada un (Norte e Sur) distribuídos por proximidade xeográfica (10 xornadas).

Os dous últimos clasificados de cada un dos grupos descenderán a 2ª división cadete nesta mesma temporada.

Datas de xogo:

1ª Fase:

Outubro: 18, 25

Novembro 8, 15, 22, 29

Decembro: 13, 20

Xaneiro: 17, 24

Segunda Fase:

Os equipos clasificados do 1º a 4º de cada un dos grupos máis os ascendidos de 2ª división cadete formarán dous grupos (A-1 e A-2) de seis equipos cada un, e xogarán polo título. O formato de competición será de liga regular (10 xornadas). A composición dos grupos será a seguinte:

GRUPO A-1
1º Grupo Norte
2º Grupo Sur
3º Grupo Norte
4º Grupo sur
Campión Grupo A
Subcampión Grupo B

GRUPO A-2
1º Grupo Sur
2º Grupo Norte
3º Grupo Sur
4º Grupo Norte
Campión Grupo B
Subcampión Grupo A

Datas de xogo:

2ª Fase:

Febreiro: 7, 14, 21, 28

Marzo: 7, 14, 21

Abril: 4, 11, 18

13.6. FINAL A 6

Previa a Final 25-04-27

A fase clasificatoria disputarana os equipos clasificados nos postos 1º a 3º dos grupos A-1 e A-2, cos seguintes emparellamentos:

Neste primeiro emparellamento xogarase o encontro en casa do 2º clasificado.
2º A-1 – 3º A-2 (eliminatoria X)
2º A-2 – 3º A-1 (eliminatoria Y)

Finais 01-02/05-27

Os gañadores das eliminatorias 1 e 2 xogarán polo título de liga e os perdedores polo 3º e 4º posto da liga, sábado as eliminatorias e domingo a final e 3º-4º posto

1º A-1 – Gañador eliminatoria Y (1)
1º A-2 – Gañador eliminatoria X (2)
Perdedor 1 - Perdedor 2 (3º-4º posto)
Gañador 1 - Gañador 2 (1º-2º posto)

Os gañadores das eliminatorias 1 e 2 xogarán polo título de liga e os perdedores polo 3º e 4º posto da liga.

Para designar a sede desta Fase Final, a FGB, a través do seu Comité de Actividades, emitirá unha circular para a organización da mesma.

13.7. ASCENSOS E DESCENSOS

Ascenderán á 1ª División Cadete Feminina os equipos reflectidos nas Normas de Competición da 2ª División Cadete 2026 –2027.

Na 1ª FASE os equipos clasificados nos postos 5º e 6º de cada grupo descenderán ao Campionato Cadete de 2ª división nesta mesma temporada.

Na 2ª Fase os equipos clasificados en 6º lugar descenderán ao campionato Cadete de 2ª división.

Participarán na Fase Final do Campionato de España os equipos que recolla a normativa establecida para esta competición pola Federación Española de Baloncesto.

DATAS DE SORTEO

1ª Fase: 8 setembro ás 13:00 h, na sede central da FGB.
2ª Fase: 25 xaneiro ás 13.00 h, na sede central da FGB.
Copa Galicia: 1 de setembro ás 13.00 h. na sede central da FGB

13.8 COPA GALICIA CADETE GALEGA

Os equipos distribuiranse en tres grupos de 4 equipos por sorteo puro que disputarán a Copa Galicia Cadete da seguinte forma:

Tres grupos de catro equipos:

Liga a unha volta 07/09, 14/09 e 21/09.

Os tres primeiros, os tres segundos e os dous mellores terceiros xogarán a un único encontro sempre na casa do equipo mellor clasificado na liga:

Datas: 28/09		Datas: 05/10	
1º Grupo A – Mellor 3º	(C)	Gañador C – Gañador D	(G)
1º Grupo B – 2º Mellor 3º	(D)		
1º Grupo C – 3º Mellor 2º	(E)	Gañador E – Gañador F	(H)
Mellor 2º – 2º Mellor 2º	(F)		

Data: 12/10/26
FINAL COPA GALICIA: Gañador G – Gañador H.